

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación didáctica ten como obxectivo planificar de xeito eficaz o proceso de ensino e aprendizaxe para desenvolver-la materia de Filosofía para o 4º curso da ESO, unha materia optativa de 3 horas semanais, tendo como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tivose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. A introdución á reflexión filosófica nesta materia realizarase explorando os contidos propios desta disciplina por áreas temáticas (o ser humano, o coñecemento, a realidade, a ética...), tratando de enfocalos dende un punto de vista práctico que achegue os contidos teóricos á realidade próxima dos alumnos para procurar unha aprendizaxe significativa. Coa intención, por un lado de promover a madurez persoal e social do alumnado tanto teóricamente como na práctica, ao mesmo tempo que un achegamento crítico aos grandes contidos teóricos da disciplina.

Esta introdución á filosofía fomenta a adquisición no alumnado de: a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos ao longo da historia; b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; c) o pensamento autónomo e rigoroso; d) o recoñecemento das diversas concepcións e ideas sobre os problemas filosóficos.

No deseño e desenvolvemento da programación obsérvanse as características particulares do IES Martaguisela, situado en O Barco de Valdeorras. O Barco é a localidade máis dinámica da comarca de Valdeorras, conta cunha poboación duns 14000 habitantes, aínda que a poboación flotante é maior, pois a vila é o eixe vertebrador da vida da comarca valdeorresa. O motor económico é a industria da lousa, que proporciona traballo a unha boa parte da poboación e atrae traballadores doutras zonas de Galicia, de España e tamén do estranxeiro. Outros sectores relevantes a nivel socioeconómico son o da viticultura, construción e o sector servizos. Con respecto á contorna do centro, está rodeado doutros centros escolares, concretamente do CEIP Condese de Fenosa, o I.E.S Lauro Olmo e o CEIP Julio Gurriarán que está adscrito a este instituto. Así mesmo, conta con múltiples servizos ó seu redor: os Xulgados, Facenda, Delegacións de Presidencia, Hospital Comarcal, entidades bancarias, hostelería e comercio en xeral, etc.

No referente ó alumnado, o IES Martaguisela, recolle alumnado procedente da propia localidade, distintas vilas das proximidades e ata 15 nacionalidades distintas entre as que se atopan principalmente Portugal, Marrocos, diversos países de Latinoamérica e países de Europa do Leste. Dada a pluralidade do alumnado, a atención a diversidade que promove a lei educativa convértese nun eixo fundamental no centro e no noso departamento.

Neste curso 2023-2024 contamos con un grupo de Filosofía en 4º da ESO: un grupo mixto formado por 15 alumnas/os procedentes de tres grupos distintos (4º A, 4º B e 4º C). Non foron detectadas necesidades educativas especiais no alumnado destes grupos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que é a filosofía? O saber filosófico e a súa orixe.	Introdución á orixe e fundamentos da filosofía.	12	15	X		
2	Quen son eu? O ser humano.	Filosofía da mente (a conciencia, as posturas sobre o problema corpo-mente), as teorías psicolóxicas sobre a personalidade e a motivación. O ser humano e a identidade persoal, de xénero e socio-cultural.	21	25	X		
3	Por que vivimos en sociedade?	Natureza e cultura. A orixe da sociedade e do Estado. Problemas da sociedade actual.	17	16		X	
4	Que significa coñecer? Que é a verdade?	Teoría do coñecemento: as facultades cognoscitivas e as posturas do escepticismo e o relativismo. Teorías e concepcións sobre a verdade.	16	16		X	
5	Cal é a orixe do cosmos? Que sentido ten a miña existencia?	Definición da metafísica. Cosmoloxía e teorías sobre a orixe, a finalidade e a causalidade do universo. Teorías sobre a existencia humana e a morte.	16	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Que significa ser libre?	Teorías filosóficas sobre a liberdade, a autonomía e a responsabilidade.	9	10			X
7	Que é a beleza? Que é a arte?	Teorías filosóficas sobre a beleza, a arte e a creatividade.	9	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que é a filosofía? O saber filosófico e a súa orixe.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Explica as características e funcións da filosofía e distingue os problemas fundamentais sobre os que trata esta disciplina.	PE	70
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Explica os factores que propiciaron a orixe da filosofía (paso do mito ó logos) e describe os principais temas de reflexión dos primeiros filósofos. Compara o saber filosófico con outros saberes diferenciando as súas características.		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Sinala e recoñece as principais cuestións filosóficas e as aportacións e temas máis relevantes da historia da filosofía.		
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.	TI	30
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofías. - O papel da muller na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen son eu? O ser humano.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Define o que é a personalidade, distinguindo temperamento e carácter e describindo distintas teorías sobre personalidade.		
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Describe a conciencia e as súas características e distingue varias posturas sobre o problema mente-corpo, como o dualismo, o monismo e o epifenomenalismo, apoiándose nos coñecementos da neurociencia.	PE	70
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Distingue e describe as teorías cognitivas e humanistas da motivación humana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Describe a función da motivación, as emocións e os afectos e explica a súa influencia na conduta.		
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Explica distintas teorías pertencentes á antropoloxía filosófica, sobre a identidade humana, o xénero, reflexionando sobre a especificidade do ser humano.		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.	TI	30
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
3	Por que vivimos en sociedade?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de 'cultura' e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Explica en que consisten os aspectos da natureza e da cultura no ser humano, diferenciando o biolóxico do adquirido socialmente (cultura), e reflexiona sobre as actitudes ante a diversidade cultural.	PE	70
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Describe en que consiste o proceso de socialización, distinguindo os elementos axentes deste proceso, e explica como se conforma o xénero, recoñecendo os prexuízos en torno a el e propoñendo actitudes positivas ó respecto.		
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Explica as teorías sobre a orixe e finalidade da sociedade e do Estado, e reflexiona sobre os distintos problemas sociais da actualidade.		
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.	TI	30
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero. - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado.

Contidos
- Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
4	Que significa coñecer? Que é a verdade?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Explica a función da razón humana, no seu uso teórico e no seu uso práctico, examinando os seus límites e describindo a función dos afectos no coñecemento e na toma de decisións.	PE	70
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Describe as principais teorías e posturas filosóficas sobre o coñecemento (racionalismo, empirismo, criticismo), e define a función das distintas facultades cognoscitivas (sentidos, entendemento, razón, imaxinación e memoria).		
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Distingue e describe distintas teorías e concepcións da verdade, valorando a relevancia da verdade no aspecto social do ser humano como consecuencia do diálogo e do acordo.		
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.	TI	30
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.		
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
5	Cal é a orixe do cosmos? Que sentido ten a miña existencia?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Define a metafísica como disciplina filosófica e diferencia distintos temas de reflexión deste ámbito da filosofía.	PE	70
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Explica as principais teorías cosmolóxicas sobre a orixe do universo e o seu destino (Big Bang, Big Crunch, etc.), os distintos enfoques sobre o sentido ou finalidade do universo, e describe as visións determinista e indeterminista da causalidade no universo.		
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Explica as distintas teorías e puntos de vista da filosofía sobre a vida humana, a morte e o sentido da nosa existencia.		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Que significa ser libre?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Describe e define distintos conceptos relacionados co tema da liberdade: liberdade en sentido negativo (externa), liberdade en sentido positivo (interna), libre albedrío, autodeterminación, autonomía e responsabilidade. Explica distintos enfoques sobre a liberdade humana, valorando o determinismo.	PE	70
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Explica distintas posturas filosóficas sobre a liberdade en distintas épocas históricas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Describe a relación entre a liberdade do ser humano e a súa creatividade como capacidade para producir respostas orixinais a distintas situacións.		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.	TI	30
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade. - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.

UD	Título da UD	Duración
7	Que é a beleza? Que é a arte?	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Define a estética como disciplina filosófica e explica as principais teorías filosóficas sobre a beleza (características e categorías da beleza) e a arte como actividade (proceso creativo do artista) e como produto (obra de arte).	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Reflexiona sobre a creatividade humana distinguindo os aspectos e obxectivos dun proceso creativo (imaxinación, asunción de riscos, innovación) e valora o compoñente social e cooperativo da creatividade.		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e fontes de información tanto dixital como medios máis tradicionais.		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Busca e comparte información de forma autónoma para presentala no produto final dun traballo.	TI	30
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Na aula e nos traballos en grupo intercambia ideas, ten unha actitude dialogante e aporta puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A arte e a procura da beleza. - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. - Técnicas e fases do proceso creativo. - Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Filosofía en 4º da ESO ten un carácter práctico e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina búscase contribuír a unha comprensión activa das grandes cuestións que a humanidade se leva formulando dende sempre. Crítica porque só coas ferramentas filosóficas se acerca unha radicalidade (enraizamento) non egocéntrica, androcéntrica ou eurocéntrica. Neste sentido e como materia optativa orientarase cun sentido lúdico e entretido, buscando adquirir unha perspectiva crítica aos grandes problemas contemporáneos.

Neste sentido a metodoloxía oríentase ao traballo con actividades tanto individuais como en grupo. As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en cursos anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.

- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
 - Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
 - Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
 - Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
 - Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións sometidas a elaboración, análise ou debate
 - Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
 - Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.
- Ademais de aplicar esta metodoloxía para o desenvolvemento das distintas unidades da materia, ó longo do curso iranse traballando de xeito transversal distintos temas propios da filosofía, mediante o libro Filosofía en calle, que achega as ideas de distintos filósofos e filósofas da historia para aplicarlas á resolución de problemas e cuestións de carácter cotián e familiar, que resulten accesibles á realidade próxima do alumnado. Tamén se empregará a obra de banda deseñada Filosofía en viñetas, para ofrecer un relato sinxelo e entretido sobre as distintas temáticas da filosofía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Libro de texto
Libros e materiais de lectura
Ordenador, proxector, son e conexión internet
Aula virtual da materia.

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

O libro de texto e os apuntamentos do profesor servirán de base ao traballo da materia. Os libros e materias de lectura (artigos) se utilizaran para afianzar conceptos, ofrecer exemplos e ofertar lecturas adicionais ou voluntarias. Dos materiais complementarios empregados destacamos o uso dos libros Filosofía en la calle, de Eduardo Infante, e Filosofía en viñetas, de Michael F. Patton e Kevin Cannon.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para levar a cabo a avaliación inicial o alumnado realizará uns exercicios sobre a lectura dun texto de temática filosófica, para valorar a comprensión lectora, a expresión escrita e o grao de comprensión dos temas específicos dos que trata o texto seleccionado. A actividade incluírá unha parte de reflexión propia do alumnado sobre a dimensión práctica dos temas tratados. Xunto con esta actividade, o alumnado analizará un mito clásico que presentará oralmente e elaborará un mito propio por escrito, para traballar as diferenzas entre a explicación racional propia da filosofía e as explicacións míticas. Con esta actividade valoraranse as competencias relacionadas coa exposición oral e a creatividade na produción escrita.

A avaliación inicial buscará identificar posibles necesidades de aprendizaxe para adaptar os procesos de ensino-aprendizaxe aos trazos específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	21	17	16	16	9	9	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación en cada unha das avaliacións serán os seguintes:

- As probas escritas ou exames, calquera que sexa o seu formato, ponderaranse cun 70% da cualificación global (ata 7 puntos na nota de cada avaliación). Farase unha media aritmética entre os distintos exames realizados dentro dunha avaliación trimestral, agás que en caso extraordinario se lle comunique ao alumnado o contrario.
- As actividades ponderaranse cun 30% da cualificación global (ata 3 puntos na nota de cada avaliación).
- Ofrecerásele ó alumnado a posibilidade de realizar actividades voluntarias (traballos de investigación, de reflexión ou lecturas que permitan afondar nos contidos e desenvolver a autonomía e as capacidades argumentativas, reflexivas e de pensamento crítico) que servirán para mellorar a súa cualificación trimestral.

Os instrumentos de avaliación correspondentes a todos estes criterios serán avaliados tendo en conta unha rúbrica con indicadores que se presentarán na aula ou que poderá consultar o alumnado.

A cualificación correspondente a probas escritas ou actividades poderase ver anulada se se dá algunha das circunstancias contempladas no apartado 9.2 desta programación (uso de medios fraudulentos, plaxio, etc.).

Na avaliación final a cualificación será o resultado da media aritmética da nota obtida nas tres avaliacións trimestrais. Para facer esta media terase en conta a media exacta, con decimais, obtida en cada unha das avaliacións.

As medias exactas correspondentes ás avaliacións aproxímanse a números enteiros tendo en conta os seguintes criterios:

- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo sempre que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 7 e a nota se corresponda cun resultado positivo (igual ou superior a un 5, é dicir, non se poderá acadar o 5 por redondeo a partir dun 4).
- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo se a cifra das décimas é igual ou superior a un 5, se a nota se corresponde cun resultado positivo (igual ou superior a un 5) e ademais se cumpra a seguinte condición: que a/o alumna/o entregara tódalas actividades propostas no trimestre e obtivera unha valoración positiva con elas.
- Redondearase a nota ó enteiro inferior máis próximo nos casos restantes.

A avaliación considerárase superada positivamente cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A modo de observación cómpre sinalar que as porcentaxes incluídas no apartado 3.3 para a avaliación de cada unidade didáctica son de carácter orientativo e tentativo. Na distribución do peso (%) asignado a cada criterio de avaliación (CA), sobre todo preténdese manter a estrutura dos criterios de cualificación, do 70% de probas escritas e 30% de actividades, non obstante non é posible concretar con exactitude o peso de cada criterio de avaliación por unidade asignándoo a un único instrumento (táboa de indicadores ou proba escrita), posto que algúns criterios de avaliación serán tidos en conta tanto para probas escritas como para actividades avaliadas con táboa de indicadores, polo que sería preciso desdobralos e relacionalos con ambos instrumentos. Por último, dado o carácter orientativo desas porcentaxes, para realizar a avaliación trimestral, adaptaranse e ponderaranse as porcentaxes correspondentes segundo as actividades finalmente realizadas de xeito efectivo en cada avaliación.

Criterios de recuperación:

As probas de recuperación realizaranse ó final de cada avaliación ou ó comezo da seguinte, sobre as unidades avaliadas durante ese trimestre, de xeito que a proba de recuperación permita subir a nota nesas unidades. Estas probas de recuperación terán unha estrutura e contido análogo ás probas ordinarias realizadas durante o curso. Ás probas de recuperación pode presentarse calquera alumno/a que suspendese a avaliación ou que queira mellorar a súa cualificación. Estas probas ponderaranse co 70% correspondente ás probas escritas. O alumnado poderá opcionalmente mellorar a nota correspondente ás actividades refacendo aquelas actividades que obtivesen unha cualificación negativa (inferior a 5). O docente poderá propoñer a realización de actividades específicas adicionais para favorecer a adquisición dos coñecementos e competencias adecuados para recuperar a avaliación.

Nas últimas semanas do curso, aquel/a alumno/a que teña dúas ou tres avaliacións suspensas poderá facer unha proba extraordinaria, para cuxa elaboración se seguirán os criterios acordados polo Departamento, atendendo principalmente ós contidos mínimos da materia. Dita proba gardará, na medida do posible, a semellanza coa estrutura e os contidos das probas ordinarias, podendo variar na súa extensión se se estima necesario para poder abordar a avaliación dos contidos dos diferentes bloques que compoñen o conxunto da materia. Para obter un resultado positivo será preciso que o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos (nunha escala do 0 ó 10) na proba escrita.

Para unha preparación efectiva do alumnado, nesas últimas semanas do curso proponense, de ser conveniente, actividades de apoio e reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de ensino-aprendizaxe da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do currículo sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Deseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículo ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao currículo ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras significativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de orientación farase unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóranse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Propóranse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das intelixencias múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, cómics, vídeo-presentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceranse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Filosofía é un instrumento clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explicitamente, como se vén especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet son outro dos piares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica	X	X	

Observacións:

A Olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

Metodoloxía empregada
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
Medidas de atención á diversidade
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Clima de traballo na aula
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11. Coordinación cos demais docentes e coas familias/titores legais.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens, correspondendo co remate das unidades didácticas e a realización das probas que se desenvolven en cada avaliación trimestral, para poder adiantarse ós cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados

1. 9.1 DATAS E PRAZOS. CONDICIÓN PARA A REPETICIÓN DE PROBAS

Coa suficiente antelación, o profesor informará ó alumnado sobre as datas previstas para a realización de probas escritas e, se é o caso, sobre os prazos de presentación de traballos. As probas previstas non se cambiarán de data sen que exista un motivo claramente xustificado. No caso da ausencia prevista dun/dunha alumno/a a unha proba, o propio alumnado ou os seus pais/nais/titores legais deberán avisar con antelación; se se trata dunha ausencia imprevista o pai/nai/titor legal deberá notificar a súa ausencia ó centro esa mesma mañá. A proba só se repetirá coa entrega dun xustificante de rigor (xustificantes médicos, certificados, etc.) que indique día e hora do motivo que impediu á/ó alumna/o realizar a proba. Este xustificante deberá ser entregado no día no que o/a alumno/a volva ó centro.

2. 9.2 MEDIDAS PREVISTAS PARA OS CASOS DE FRAUDE NA REALIZACIÓN DAS PROBAS OU PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

Se na realización de exames ou na presentación de traballos se atopasen probas de que estes foron copiados ou falsificados, mediante a utilización fraudulenta de apuntamentos, chuletas, teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico, a cualificación dos mesmos será de cero. A principio de curso comunicaranselle ó alumnado unha serie de normas que deben cumprir para que os exames non sexan anulados.